

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 12 DE MAIO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/2222/2008.- Promociones y construcciones Mujico Pena.- Tres vivendas adousadas en Poza Real de Abaixo.

Lic/2035/2007 e Lap/310/2007.- José Antonio Riveiro Codesido.- Obras de rehabilitación dun edificio e apertura de café-bar, restaurante e pensión na rúa San Lázaro nº 54.

Lic/1606/2006.- Promosan Galicia, S. L.- Legalización das modificacións executadas durante a execución da obra licenzada pola Xunta de Goberno Local do 9 de xullo de 2.007, para construción dun edificio na Avda. Mestra Victoria Míguez nº 27.

Lic/499/2008.- Manuel Liñares González.- Derruba da vivenda unifamiliar existente na rúa da Muiña nº 38.

Lic/2558/2008.- Santiago Rodríguez García.- Reforma de vivenda unifamiliar sita no lugar de A Peregrina nº 25.

DENEGADAS.-

Lic/1268/2007.- Antonio Ramón López Miguez.- Acondicionamento da finca sita no lugar dos Vilares, parcela nº 522.

Lic/1385/2006.- Ricardo Rodríguez Ambrunheiras.- Legalización do galpón executado na rúa do Miñato, Outeiro do Castiñeiriño.

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

Lic/726/2008.- Carmen Rey Rey.- Legalización das obras executadas na edificación sita na rúa Vite de Arriba nº 23 A. (-)

PRÓRROGAS.-

Lic/848/2009.- Galeras-Entrerríos, S. L.- Excavación e execución de tres plantas de soto destinadas a garaxes e trasteiros das vivendas superiores na OE-5 de Galeras. (+)

Lic/777/2009.- Amador Mosquera Liste.- Derruba de edificación existente na rúa de Amio nº 24.

INCOAR EXPEDIENTE DE LEGALIZACION DAS OBRAS DE REHABILITACION EXECUTADAS EN SAN LOURENZO.

APERTURAS.-

Lap/59/2009.- Balado y Torres, S. L.- Apertura de carpintería metálica na rúa Isaac Peral nº 33.

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/2105/2008 .- OBRADOIRO INMUEBLES S.L.- Demolición interior e rehabilitación de edificación para dúas vivendas e local comercial na rúa San Pedro nº 113.

LIC/696/2007 .- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Substitución de cuberta do Auditorio da Universidade de Santiago de Compostela sito na Avda. de Vigo.

DISCIPLINA

PROPOSTA DE SANCIONS

DIS/1228/2008.- Desestimación de alegacións e proposta de sanción de 1.500€ a D. ANTONIO ABELLEIRA GARCÍA.

DIS/1230/2008.- Desestimación de alegacións e proposta de sanción de 1.500€ a D. SERGIO FERNÁNDEZ DOSIS, en representación de ANTEALTARES SC..

6.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á ampliación dos prazos de presentación de solicitudes de diversas subvencións.

Apróbase a ampliación do prazo de presentación de solicitudes para subvencións destinadas a plantacións forestais en montes do Concello e as destinadas á prevención de incendios forestais 2009, e fíxase o día 20 de maio como data límite.

7.- Contratación do programa de prevención de drogodependencias "PROGRAMA DE PAIS E NAIS PARA A EDUCACIÓN "COMUNICACIÓN NA ADOLESCENCIA" "CANDO TOMOS FALAMOS ¿QUEN ESCOITA?".

Apróbase un orzamento de 1.057,42 euros para o devandito programa, ao abeiro do convenio de cooperación para o cofinanciamento do programa de prevención de drogodependencias entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Santiago.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da addenda ao contrato administrativo para a xestión dos servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración no Concello.

Apróbase a addenda presentada pola empresa AQUAGEST relativa ao procedemento de creación, modificación e eliminación dos ficheiros de datos de carácter persoal que se xeren durante a vixencia do contrato.

9.- Adxudicación do Subministro de polos de verán para o persoal da Policía Local.

Adxudícase o citado subministro á empresa EL CORTE INGLÉS, SA por importe de 16.664 euros máis IVE.

10.- Adxudicación Provisional do servizo consistente na adaptación da cartografía municipal a un modelo de datos para a súa transformación en formato GIS.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa DITECAR, SL, por importe de 29.800 euros máis IVE.

11.- Adxudicación Provisional do Servizo consistente en migrar os datos da cartografía municipal escala 1:500 en formato CAD a formato GIS.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa TRABAJOS CATASTRALES SA (TRACASA), por importe de 55.860 euros máis IVE.

12.- Adxudicación Provisional do Servizo de Asesoramento e Colaboración na Inspección Fiscal dos tributos do Concello de Santiago.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á UTE SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL SL- SERVIMUN SL, por un 18% sobre as cantidades netas recadadas nos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal.

13.- Adxudicación Definitiva do contrato para a Substitución de lámpadas de incandescencia por lámpadas de leds nos semáforos de Cruce Avda. Castelao-Burgo das Nacións, Cruce rúas Hórreo-Pitelos, Cruce rúa Galeras-rúa García Sabell, Praza Ponte Castro e Paso de peóns na semirotonda da Choupana.

Elévase a definitiva a adxudicación do contrato á empresa TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE, SA, por importe de 23.937,28 (máis IVE).

14.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do orzamento e adxudicación do contrato para a elaboración do proxecto: Municipios pola igualdade.

Apróbase un orzamento de 12.000 euros para a realización do proxecto Municipios pola igualdade, consistente na análise da situación na que se atopa a implementación das políticas de igualdade e equidade de xénero na Administración municipal, e adxudícase o contrato para a súa elaboración ao Seminario de Mulleres e Universidade.

15.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do orzamento para a adaptación do aparello elevador do CEIP Pío XII, e a súa adxudicación.

Apróbase un orzamento de 16.599,57 euros e adxudícase o contrato á empresa ZARDOYA OTIS, SA.

16.- Autorización para aprobación do gasto na Feira Cabalar da Ascensión 2009.

Apróbase un gasto de 16.553,20 euros para a celebración da Feira Cabalar da Ascensión. A súa organización adxudícase á empresa BLANCA MARÍA ABEL VÁZQUEZ.

17.- Liquidación da Cabalgata de Reis e Fin de Ano 2008.

Apróbase a liquidación coas seguintes cifras:

Gastos aprobados: 89.728 euros

Gastos realizados: 86.330,55 euros

Superávit: 3.397,45 euros

18 a 26.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

27.- Solicitud de segregación e cesión ao Consorcio da "Finca Simeon" para construción da Casa de Europa, do Centro de Estudos Avanzados e da Escola Superior de Música.

Acórdase a cesión do Bloque D da Finca Simeón para a construción do Museo de Historia Natural da USC.

28.- Adxudicación de diversas obras incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local.

- Adxudícanse definitivamente as obras de **reurbanización da rúa Xeneral Pardiñas (tramo Montero Ríos-Carreira do Conde)** á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, S.L., por importe de 603.448,28 euros máis IVE e un prazo de execución de 4,5 meses. Nesta obra ocuparanse 52 persoas, das que 23 están integradas na empresa e 29 son de nova contratación.

- Adxudícanse definitivamente as obras de **reurbanización da rúa Gómez Ulla** á empresa OVIGA, S.L., por importe de 362.237,19 euros máis IVE e un prazo de execución de 3 meses e 18 días. Nesta obra ocuparanse 43 persoas, das que 41 están integradas na empresa e 2 son de nova contratación.

- Adxudícanse definitivamente as obras de **reurbanización da rúa Laverde Ruíz** á empresa OVIGA, S.L., por importe de 267.504,13 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses e 21 días. Nesta obra ocuparanse 41 persoas, das que 39 están integradas na empresa e 2 son de nova contratación.

- Adxudícanse definitivamente as obras de **reurbanización da rúa Santiago de Guayaquil** á empresa OVIGA, S.L., por importe de 241.491,46 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses e 21 días. Nesta obra ocuparanse 41 persoas, das que 39 están integradas na empresa e 2 son de nova contratación.

- Adxudícanse definitivamente as obras de **reurbanización da rúa Neira de Mosquera** á empresa OVIGA, S.L., por importe de 237.832,21 euros máis IVE e un prazo de execución de 2 meses e 21 días. Nesta obra ocuparanse 41 persoas, das que 39 están integradas na empresa e 2 son de nova contratación.

- Adxudícanse definitivamente as obras de **integración paisaxística do entorno do Camiño Francés na N-634** á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, S.L., por importe de 310.590 euros máis IVE e un prazo de execución de 5,4 meses. Nesta obra ocuparanse 32 persoas, das que 23 están integradas na empresa e 9 son de nova contratación.

- Adxudícanse definitivamente as **obras de rehabilitación e sinalización do Camiño Francés a Santiago no Concello de Santiago** á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, S.L., por importe de 239.350,59 euros máis IVE e un prazo de execución de 5,4 meses. Nesta obra ocuparanse 30 persoas, das que 23 están integradas na empresa e 7 son de nova contratación.

- Adxudícanse definitivamente as **obras de rehabilitación e sinalización do Camiño de Santiago a Fisterra** no Concello de Santiago á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ, S.A., por importe de 312.137 euros máis IVE e un prazo de execución de 5 meses e 12 días. Nesta obra ocuparanse 25 persoas, das que 20 están integradas na empresa e 5 son de nova contratación.

- Adxudícanse definitivamente as **obras de reforma e acondicionamento de edificios da rede de centros socioculturais (A Trisca, Conxo, Vite, Amio, Busto, Marantes, Grixoa, Nemenzo, Lamascal)** á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES, S.L., por importe de 259.000 euros máis IVE e un prazo de execución de 189 días. Nesta obra ocuparanse 26 persoas, das que 17 están integradas na empresa e 9 son de nova contratación.

29.- Dar conta de corrección de erro no punto nº 80 da sesión de data 27 de abril de 2009.

Corríxese un erro relativo á comisión para a provisión do posto de director/a da Banda de Música Municipal.

30.- Dar conta de corrección de erro no punto número 14 da sesión de data 20 de abril de 2009.

Corríxese o erro relativo á partida coa que se financiará as bolsas de comedor escolar.

31.- Dar conta do cambio de denominación dunha empresa a efectos das relacións xurídicas co Concello.

Dáse conta do cambio.

URXENCIAS

1.- Apróbase a realización e o calendario do programa “Coñecendo o País”, coas 39 viaxes solicitadas por 20 asociacións de veciños interesadas no programa, así como a adxudicación das referidas excursións ás empresas BUSTELO, SERVIZO DE AUTOCARES e HEMISFERIO-VIAJES, por un importe de 28.782,25 euros. Deste montante global, corresponderalle ao Concello o 60% (17.269,35 euros) e o restante 40% ás asociacións veciñais beneficiarias (11.512,90 euros), nos conceptos de transporte en autocar, guía oficial, seguro de accidentes de viaxe e IVE.

2.- Apróbase un novo contrato entre o Concello e a Federación Galega de Baloncesto para a celebración dun partido internacional o vindeiro domingo 17 de maio no Multiusos Fontes do Sar entre as seleccións de baloncesto feminino de España e Cuba. A nova cantidade a abonar á FEG é de 7.000 euros. Como compensación pola modificación do calendario inicialmente previsto (estaba previsto un segundo partido contra Australia, selección que non pode asistir), a FEG traballará na organización dun campus de baloncesto que se desenvolverá o venres 15 no mesmo escenario e ao que se invitarán aos clubs de Santiago que teñan equipo infantil feminino, e no que participarán as xogadoras da selección española.

3.- Dáse conta da concesión por parte da Consellería de Sanidade dunha subvención de 53.631 euros para a creación dunha Unidade Concello Saudable integrada cando menos por dous profesionais: un con formación universitaria en actividade física e deporte e outro con formación académica en alimentación e nutrición humana.